



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
29.06.2021

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 29.06.2021

HORA DE COMEZO: 11:40

HORA DE REMATE: 13:15

LISTA DE PARTICIPANTES

Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Couto Cancela, Daniel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Novoa Rodríguez, María Sol
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Santamaría Conde, Juan José
Souto García, Raquel María

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Añel Cabanelas, María Elena
Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Cebro Rodríguez, Xoán
Ojea Bouzo, Armando
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

NON PARTICIPARON

Crespo Tobío, Silvia
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O martes, 29 de xuño de 2021, ás 11:40 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (03.06.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe actualizado do Observatorio de titulados. Avance de resultados do Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo.

Propostas, acordos e informes da Comisión Económica (reunión do 23 de xuño de 2021)

5. Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2020. Informe de auditoría e memorando de recomendacións. Acordo para elevar ao Pleno.
6. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
7. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
8. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
9. Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2021, dirixido a orientar e facilitar o achegamento dos estudantes ao mercado laboral e á empregabilidade.
10. Aprobación, se procede, dos prezos públicos previstos na UVigo por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, Programa de Maiores e alumnado visitante, para o curso 2021/2022.
11. Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software...) e cuantificación do posible aforro de custos".
12. Informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin off no mercado".
13. Acordo que proceda para a contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes), consonte o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (artigo 75.3).
14. Solicitudes de incorporacións de crédito con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020.
15. Informe sobre os trece convenios con dotación económica asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de maio.
16. Memorias de actividades do CS correspondentes a 2019 e 2020. Edición e publicación, se procede.
17. Rogos e preguntas.



O presidente dá a benvinda aos asistentes, de xeito especial aos oito novos membros que se incorporan ao Consello Social, consonte á renovación publicada no DOG con data 25 de xuño de 2021, M^a de los Angeles García (Parlamento de Galicia); Gerardo Ramón Pérez Puga, Ana Ortiz Álvarez, Antonio Martiño Gómez, M^a Teresa Cendón Alonso e Silvia Crespo Tobío (Xunta de Galicia); Marisol Novoa (CEO); e Armando Ojea (Concello de Ourense).

Asisten como invitados á reunión Luis Espada, para intervir no punto 4, e Rodrigo Cerviño, director de Administración da UVigo.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (03.06.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Destaca Ernesto Pedrosa que a través da liquidación de contas do exercicio 2020, sométese a análise do pleno o comportamento da UVigo nun ano "extremadamente complexo, difícil e esixente", e afirma que, a xulgar polo resultado, a UVigo conduciuse con solvencia, "o que ten máis mérito se se enmarca nun escenario no que xa as universidades estaban sendo sometidas a un afán desmedido de revisión e de sospeitas".

O presidente cualifica de "erro" sospeitar da universidade porque foi un referente na pandemia. Admite que hai aspectos mellorables, como ampliar a excelencia académica e científica ou avanzar no rendemento social do gasto, e afirma que é precisa unha nova universidade con menos burocracia, menos intervencionismo, menos dependencia, máis avaliación externa e máis financiación por resultados. Pero pide estar atentos ao proceso de cambio para velar pola súa esencia e evitar danos irreversibles, "porque ningunha outra institución nos pode proporcionar o que non sabemos e darnos certezas para xestionar o futuro, comprender un mundo tan complexo e confuso e conducirnos polo camiño do desenvolvemento, a investigación, a igualdade, os valores, o progreso e a xustiza".

Alude "ao gran esforzo" feito polas institucións universitarias que se viron sorprendidas pola pandemia, obrigadas a improvisar en poucos meses respostas que en circunstancias menos esixidas houberan requirido anos, e pon como exemplo que sete de cada dez profesores non tiñan experiencia online antes da COVID-19. "Coa crise, engade, "achegáronse ás sensibilidades colectivas, cambiaron a respiración académica e puxeron ás persoas por diante; e nós somos agora máis conscientes de que a ciencia e a investigación non só pódennos mellorar a vida senón axudar a que non a perdamos".

Pregúntase que papel deberán xogar os Consellos Sociais neste escenario e sinala contribuír a apuntalar o recoñecemento, o aprecio e a confianza na universidade "porque é onde se xogan os resultados e os recursos". Considera que as reformas que se están debatendo para o eido universitario serán unha boa oportunidade para que os Consellos Sociais agromen novas capacidades.

Noutro senso agradece a presenza de Luis Espada e eloxia o traballo que está a facer -xunto con Víctor M. Cacharrón- para a creación do Observatorio de Egresados, agora Observatorio de persoas tituladas, e os estudos e enquisas para coñecer o impacto da crise nos titulados da UVigo que se atopan por todo o mundo. "É un traballo xigantesco -afirma Ernesto Pedrosa- cunha poderosa web propia, unha gran base de datos e unha constante actividade actualizada nas redes sociais, que puxo as bases da Comunidade Alumni, creada este mesmo ano dentro da UVigo e que é un dos sistemas máis potentes que existen na universidade española para a comunicación, fidelización e interacción cos antigos alumnos e a implementación de políticas institucionais para fortalecer o vínculo e a aportación recíproca".

O presidente comunica de seguido a axuda concedida a unha alumna da Facultade de Belas Artes para presentar unha curtametraxe seleccionada para o Festival de Cannes, a primeira produción galega que o consegue.

Neste punto dá a benvinda aos novos membros que se incorporan ao Consello Social ("no pleno 56 dos que teño a honra de presidir, e no 137 da historia do Consello Social"), e transmítelles que a súa aportación será fundamental, "porque cando difundan e proclamen a súa confianza na UVigo estarán forxando o futuro da institución co material de máis alta resistencia: o afecto". Invita aos asistentes a ser observadores atentos, cooperadores necesarios, socios esixentes e colaboradores leais, e pídelles que



velen polos intereses xerais da universidade, que protexan a información que se lles facilite e que desempeñen os seus cargos persoalmente, tal e como recollen as normas.

Pecha a intervención lembrado aos membros que foron substituídos, "que terán espazo propio na memoria do Consello polo legado que deixan: Marta Iglesias, Xabier Casares, Natalia Zunzunegui, Daniel Barata, José M. Figueroa, Ana Isabel Vázquez, Javier Garrido e Juan Manuel Piñeiro".

Remata sinalando que coas novas incorporación chegan dúas boas noticias, que o número de mulleres no Consello Social sitúese no máximo histórico, e que o próximo pleno pódase facer de xeito presencial despois de nove sesións telemáticas.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa principia a intervención con referencia ao Plan de financiamento, despois da "tranquilidade" que aportou o feito de que o anterior fose prorrogado un ano pola pandemia, e ao Mapa de titulacións, que inicialmente abríase para quince Mestrados propostos pola FEUGA e que finalmente ábrese a dez ou doce Graos que non existen en Galicia.

Menciona os pasos que se están a dar para a creación dunha Facultade de Enfermaría que integre tres Escolas universitarias públicas e oferte un Mestrado específico e un Doutoramento, e a próxima apertura en Pontevedra das instalacións para usos de investigación, docencia e representación, e impartir Deseño. Tamén se declara compracido polo acordo para impartir o Grao e o Máster en Intelixencia Artificial.

Neste mesmo ámbito refire a situación do Máster proposto pola Facultade de Fisioterapia e o conflito aberto con Ciencias da Actividade Física e do Deporte, as labores de intermediación que se están a facer para reconducir unha relación tradicionalmente boa entre os dous centros e a presenza dun experto externo que realice un exame xurídico das posturas das dúas Facultades, por se non se acadara ningún acordo previo.

Dá conta o Reitor dun amplo abano de convenios, entre eles, con Política Social para o Programa Universitario de Maiores (PUM), polo que se confesa especialmente "satisfeito"; coa Deputación de Pontevedra, para axudas a mobilidade do estudiantado; coa Consellería de Facenda, para unha cátedra institucional de Finanzas autonómicas; co Concello de Pontevedra, para instalar un *Skate Park* e avanzar na transformación do Campus.

Outras actividades e xestións que subliña refírense á Cátedra de Feminismos 4.0 financiada pola Deputación de Pontevedra, que valora especialmente; a aprobación do CINTECX no Consello galego de universidades; a inauguración do edificio *Redeiras* no centro de Vigo e que "abrirase a toda a cidadanía" a partir do 1 de setembro; as obras para instalación de enerxía xeotérmica en Ourense, biomasa en Pontevedra e outras fontes de enerxía renovable nos tres Campus; e a posta en marcha dende o Campus de Ourense, en colaboración co Instituto politécnico de Braganza, do Iberian Agro-Food Lab, para desenvolver investigación agrícola e alimentaria.

Salienta os cinco proxectos avanzados que optan aos fondos Next Generation e nos que está a participar a UVigo (fábrica de baterías, laboratorio cuántico, fábrica de chips fotónicos, investigación mariña e dixitalización de universidades), con un agradecemento expreso á Zona Franca pola cesión dun edificio para laboratorios. O traballo da Unidade de Igualdade, do que se declara "orgullosa", e o acto de despedida aos xubilados, reciben tamén a consideración do Reitor na súa exposición.

PUNTO 4

Informe actualizado do Observatorio de titulados. Avance de resultados do Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo.

Ernesto Pedrosa introduce a presentación que inicia Luis Espada explicando os antecedentes do estudo e as orixes do Observatorio promovido polo Consello Social dende o principio. Aclara a continuación os diferentes períodos de análise no que se fixeron as enquisas (a primeira no período de marzo a xullo, entre o inicio da COVID-19 e o fin do estado de alarma), así como os ítems, as preguntas e a difusión e distribución levada a cabo, e con referencias á notable repercusión e acollida nos medios de comunicación das novas xeradas polas consultas.



De seguido deixa constancia dos retornos, recoñecementos e felicitacións recibidas, entre elas unha carta do presidente da Xunta de Galicia resaltando o valor do documento e o aproveitamento das conclusións "que deben axudarnos a perseverar na importancia da formación como vía para construír unha carreira laboral estable e de calidade".

O traballo, feito por Luis Espada e Víctor M. Cacharrón, sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia nas persoas tituladas na UVigo, de setembro a decembro de 2020, recolleu 2.300 enquisas de titulados que traballan en 34 países dos cinco continentes e, en palabras de Espada Recarey, "segue a ser pioneiro no sistema universitario español", con análises dende a perspectiva sanitaria, socio-laboral e no modo de traballar.

O que foi primeiro Rector da Uvigo expón de xeito gráfico e preciso algunhas das principais conclusións, que serán presentadas publicamente no seu momento.

Anuncia unha nova e última actualización, dende finais de decembro de 2020 coincidindo co inicio da vacinación, na que se preguntará -ademais de pola situación socio-laboral- sobre as consecuencias psicolóxicas e como está a afectar a pandemia na saúde dos traballadores en relación co seu traballo, sobre todo dos que están no estranxeiro. "Non tiñamos preguntado sobre a fatiga pandémica -afirma Espada- e faremolo agora porque detectamos entre os egresados unha gran preocupación por cal é o impacto na situación anímica".

Agradece finalmente o apoio que está a recibir o Observatorio e os traballos que leva a cabo, por parte do presidente do Consello Social, do secretario e do reitor.

PUNTO 5

Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2020. Informe de auditoría e memorando de recomendacións. Acordo para elevar ao Pleno.

Dá entrada o presidente ao bloque de acordos e propostas remitidos ao pleno con informe favorable da Comisión Económica. O vicerreitor de Economía explica que a conta de liquidación do exercicio anterior debe ser tramitada antes do 30 de xuño. José M^a Martín Moreno explica a evolución dos orzamentos da UVigo no período 2014-2020 e subliña que o exercicio 2020 reflicte a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da institución. Sinala que medran respecto a 2019 pola suba salarial e polo aumento da consecución de axudas externas para a investigación e a eficiencia enerxética.

Co apoio de gráficas, informa do indicador sobre a execución financeira respecto de cobros e pagos, que amosa "a seriedade e o rigor" co que se elaboran os orzamentos, cunha estimación "moi axustada á realidade" dende 2015; dá conta tamén dos documentos que acompañan á conta anual: balance de situación, conta de resultado económico-patrimonial, estado dos cambios no patrimonio, estado de fluxos de efectivo, liquidación do orzamento e memoria.

Apunta que o orzamento definitivo medrou un 7,38% sobre o inicialmente estimado, acadando os 209.395.755 €, por ingresos extraordinarios da Xunta de Galicia derivados da COVID-19 e pola entrada de proxectos Interreg por riba dos cinco millóns de euros.

Repasa e argumenta os incrementos nas modificacións orzamentarias e no apartado de incorporación de remanentes, e precisa as razóns polas que o resultado orzamentario negativo é de -3.275.618,66 €, se ben ao incorporar os axustes o resultado orzamentario acada a cifra de +7.597.11,96 €. Prosigue coa comparativa entre 2020 e 2019 de ingresos e gastos por capítulos, pormenorizando as causas das incidencias máis destacadas. Sobre o remanente de tesouraría aclara que empeora lixeiramente os niveis de 2019 debido ao pago de investimentos en eficiencia enerxética cobrados en 2021, e aos pagos de infraestruturas científicas xustificadas en 2021 pero gastados e pagados en 2020. Resalta que isto pódese facer "pola boa saúde que ten a UVigo e polo saneamento das contas" porque se non fose así non se poderían utilizar os fondos líquidos para acometer as axudas ou habería que pedir créditos ou axudas.

Respecto do informe de auditoría advirte que é correcto e non presenta condicións. E no tocante ao Memorando de recomendacións aclara que se trata de observacións que están baixo control e sobre as que se está xa traballando.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***



Juan José Santamaría interesa saber, no comparativo de 2019 e 2020, sobre as diferenzas existentes nalgunhas verbas ou partidas dos resultados: as receitas, ou ingresos, de subvencións pasaron de 81.600,00 € a 653.000,00 €, en números redondos. Nos resultados de operacións financeiras, as despensas ou gastos de mais de 1 millón quedan en menos de 150.000,00 e en outras deterioracións de valor caen de 1 millón a 379.000,00 €, tamén en números redondos.

En escrito posterior á sesión, resposta Rodrigo Cerviño ás explicacións solicitadas mediante o chat da reunión:

- a) *Imputación de subvenciones para el inmovilizado no Financeiro(pasaron de 653.119,90 a 81.692,95 €): Trátase das amortizacións dos bens que foron adquiridos con cargo a subvencións finalistas. No exercicio 2019 foron moi inferiores porque o ano pasado contabilizáronse na partida xenérica e este ano o auditor indicou a partida correcta para reflexar a diferenza co resto dos bens.*
- b) *Resultado financeiro: tal e como se comentou na xuntanza por parte do vicerreitor, no exercicio 2019 pagouse o IBI dos exercicios 2010-2013 ao Concello de Vigo e os correspondentes intereses de demora que fan que no exercicio 2019 os gastos financeiros fosen moi elevados. O importe dos intereses de demora foron de 591.757,13 €. O resto corresponde a intereses que no exercicio 2019 houbo que pagar pola devolución dunha parte de axuda de infraestruturas de investigación non executada.*
- c) *Outras deterioracións: neste punto da conta de resultado económico patrimonial inclúense diversos axustes e sobre todo as exencións de taxas e prezos públicos ao persoal da Uvigo.*

PUNTOS 6, 7 e 8

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.

Reflexiona Martín Moreno sobre as circunstancias que presenta cada unha das contas, que teñen en común pequenas perdas (atribuíbles en boa medida aos efectos da pandemia) e presentan auditorías limpas, polo que as cualifica de contas sen problemas ou saneadas e que van en boa dirección.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2021, dirixido a orientar e facilitar o achegamento dos estudantes ao mercado laboral e á empregabilidade.

Explica o secretario os antecedentes da colaboración entre o Consello Social e a FUVI, na que se estableceu unha paréntese en 2020 pola situación extraordinaria e a masiva suspensión de actividades presenciais. Ignacio Rodríguez lembra que se retoma este ano a relación, cos mesmos obxectivos anteriores: elaboración de enquisas e estudos para achegar ao estudiantado dos tres Campus ao mercado laboral mediante prospeccións de demanda de emprego, necesidades e perfís que piden as empresas; elaboración dun informe sobre "As prácticas extracurriculares da UVigo por sectores empresariais e titulacións", formación para o emprendemento, prácticas, formación en competencias transversais e obradoiros sobre técnicas de busca de emprego, fundamentalmente como elaborar os CV e como preparar as entrevistas de traballo. O importe do convenio ascende para 2021 a 20.000 €.

- ***Apróbase a colaboración.***



PUNTO 10

Aprobación, se procede, dos prezos públicos previstos na UVigo por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, Programa de Maiores e alumnado visitante, para o curso 2021/2022.

Intervén de novo o secretario para indicar que se trata dunha competencia do Consello Social a aprobación das taxas, consonte consta na documentación entregada e segundo se recolle no artigo 81.3c) da LOU e no artigo 75.3f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e que ven ao pleno co informe favorable da Comisión Económica.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 11

Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software....) e cuantificación do posible aforro de custos".

Lembra Ignacio Rodríguez que o informe foi encargado pola Comisión Económica na reunión do pasado mes de decembro de 2020, coa previsión de poder presentalo na propia Comisión e no pleno de xuño, dándose a circunstancia de que a empresa auditora comunicou a última hora que se demoraría na entrega. O secretario comunica que se tentará que a empresa o entregue para ser presentado na reunión plenaria prevista para xullo, tendo ademais en conta que a auditora rematou o compromiso contractual coa UVigo este ano polo que queda pendente esta entrega para que complete o seu traballo.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 12

Informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin off no mercado".

Á vista dun informe que se achega, emitido pola Oficina de I+D da UVigo, informa o vicerreitor de Economía que é preciso un prazo máis extenso para valorar e implementar as recomendacións contidas na auditoría, tendo ademais en conta que o informe de auditoría emitiuse o pasado 18 de febreiro e dende esa data non se creou ningunha spin-off nin se emitiu ningún informe de valoración de transferencia de tecnoloxía que permitiran por en práctica as recomendacións. Engade o secretario que a Comisión acordou solicitarlle á Oficina de I+D un novo informe de aproveitamento para ser avaliado na Comisión e no pleno do próximo mes de decembro.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 13

Acordo que proceda para a contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes), consonte o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (artigo 75.3).

Expón o secretario que remataron as prórrogas concedidas a Baker Tilly Fmac para auditar as contas da UVigo, labor que asumiu dende 2017, polo que procede iniciar un novo expediente de contratación para auditar as contas da UVigo correspondentes a 2021 e seguintes exercicios. Así mesmo propón encargar unha mostraxe noutras universidades sobre posibles melloras das prestacións e requirimentos a incluír na Folla de especificacións (en definición de Juan José Santamaría, que considera que o termo Prego é un castelanismo), propoñendo encargar esa labor a Jesús Graña, ademais de solicitarlle a súa implicación no proceso de contratación e na valoración técnica das ofertas, polo que se lle agradece expresamente a súa disposición.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***



PUNTO 14

Solicitudes de incorporacións de crédito con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020.

Informa Martín Moreno que houbo cobros no ano 2021 de ingresos recoñecidos en 2020 polo que non se puido xerar o crédito en 2021 e para poder executar o gasto asociado pídese ao Consello Social a incorporación de dous remanentes; e preséntanse tamén outras dúas peticións da ORI para tramitar bolsas de mobilidade que non se puideron executar en 2020 pola pandemia, e que se executarán e xustificaranse este mesmo ano, polo que se traen tamén os outros dous remanentes que aparecen na documentación entregada.

- ***O Pleno autoriza as incorporacións.***

PUNTO 15

Informe sobre os trece convenios con dotación económica asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de maio.

Notifica o presidente que os convenios están recollidos na documentación que se achega e quedan na Secretaría do Consello Social a disposición dos interesados.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 16

Memorias de actividades do CS correspondentes a 2019 e 2020. Edición e publicación, se procede.

Ernesto Pedrosa advirte que as memorias están rematadas e pendentes de ser editadas, ben nunha soa publicación ou en dúas, segundo sexa a súa paxinación, tendo en conta a incidencia que tivo a pandemia nas actividades previstas en 2020. En todo caso anuncia que serán entregadas nunha próxima sesión.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

Atanes Limia informa que a Escola Superior de Arte Dramático (ESAD) volveu a solicitar no Consello escolar municipal de Vigo a súa adscrición á UVigo, e que segundo a LOMLOE o título Superior de Arte Dramático é equivalente a Grao, mais o alumnado ten problemas de todo tipo para este recoñecemento, sobre todo no ámbito internacional. Solicita que a UVigo retome esta antiga petición da ESAD, así como doutras Escolas Superiores (Restauración e CMUS) e exerza de interlocutora coa Xunta de Galicia para buscar solucións a estes estudos.

Resposta o Reitor que a lei establece que ese título é equivalente legalmente a un título universitario, "pero non é un título universitario", porque ten a súa propia regulamentación dependente da Consellería, a aínda que ten equivalencia a un Grao, "non é un Grao". Prosegue dicindo que na universidade pódese organizar un Grao semellante ao de Arte Dramático, pero débese ver se encaixa e se pode cumprir todos os procedementos que son bastante complexos para introducir novas titulacións, e tería que cambiar moito a escola porque os requirimentos para o profesorado universitario son moito máis fortes, e se ben recoñece que a escola superior de Arte Dramático avanzou na formación do profesorado "aínda queda moito por facer". Conclúe que non está entre as prioridades que os futuros títulos a incorporar na oferta na UVigo sexa algún dos que xa se está a impartir en Galicia, como é o caso de Arte Dramático, porque sería contrario ao acordo sobre o futuro mapa de titulacións, e porque tería difícil encaixe nas especializacións dos Campus, se ben anuncia que se fará un estudo.

Antonio Macho manifesta por escrito no chat a súa contrariedade porque os membros do Consello Social decátense pola prensa de decisións "de calado" na UVigo, como é a renuncia a abrir facultades na cidade de Vigo.



Manuel Reigosa resposta que a comunidade universitaria decatouse no máximo órgano de debate e control do goberno "que é o Claustro", ao que pode acceder calquera en directo porque son retransmitidos, co cal subliña que quen primeiro se decatou foi a comunidade universitaria. Afirmar que son moitas persoas as que asisten a esas reunións, ben de xeito presencial ou conectadas, e declara que non tivo ningunha comunicación con periodistas, e que do que se falou na sesión foi das enquisas e dunha facultade que se podería mover ao centro, polo que agora deberá tomar unha decisión no órgano correspondente e haberá que esperar dúas ou tres semanas para saber como remata este asunto. Será entón, con esa decisión tomada, cando informemos ao Consello Social. Engade que "o que non se pode dar a información antes de que se produza".

Teresa Cendón, no seu primeiro pleno agradece a benvida e suxire que a próxima reunión, de ser presencial, se faga no edificio *Redeiras* e aproveitar para facer unha visita á exposición acollida no novo edificio universitario. O presidente amósase receptivo tan pronto as condicións sanitarias o permitan. O Reitor subscribe a proposta e invita a facer a reunión na última planta por ser diáfana e cumprir os requisitos de prevención e distancia.

Juan José Santamaría, por escrito no chat, expón tres rogos:

- Que se reforme o Regulamento do Consello Social de tal forma que se amplíe a 8 o número de membros das Comisións Permanentes, "así todos e cada un dos membros sociais do Consello poderemos participar, ao menos, nunha Comisión".

- Que a Web do Consello se inclúa tamén en inglés para dar mais visibilidade internacional á Universidade e mesmo en Portugués por razóns de proximidade co Norte de Portugal.

- Que cando a Universidade satisfaga atrasos salariais do ano anterior no seguinte, normalmente por produción científica, os declare na Axencia Tributaria estatal (Modelo 190) no exercicio en que se paga en vez de no do ano anterior no que foron acreditados (devengados, en castelán). Isto non afecta para nada ao funcionamento nin ás Contas da UVIGO e evítalle ao persoal docente e investigador ter que facer dúas declaracións de IRPF cada ano; neste ano 2021, a de 2020 en prazo, e a complementaria de 2019 ao que corresponden os atrasos cobrados en 2020. Por outra parte, con esta forma de actuar estase suspendendo e retrasando un ano mais a prescrición das Declaracións de Renda xa presentadas. Ernesto Pedrosa contesta ás dúas primeiras cuestións afirmando que se valorarán a fin de avaliar a súa procedencia.

Respecto da terceira petición indica Rodrigo Cerviño que se lle dará resposta por escrito, que foi recibida na Secretaría con data 8 de xullo e que se incorpora literalmente a esta acta coa firma da Xefa do Servizo de Retribucións e Seguros Sociais, Antonia Melón Amor:

"Aclaración para o Pleno do Consello Social da UVigo en relación aos atrasos salariais.

É habitual no colectivo PDI, a percepción de importes correspondentes a rendementos de traballo - Complementos autonómicos - non cobrados no exercicio correspondente. A problemática da cobranza de atrasos nestes complementos non é unha cuestión imputable á Universidade de Vigo, que abona os mesmos, unha vez que o seu Consello Social autoriza o seu pago. A problemática da cobranza de atrasos devén da propia convocatoria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais dos devanditos complementos que realiza a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Así, a modo de exemplo, en febreiro de 2021 publícase a Resolución do 4 de febreiro de 2021 pola que se aproba a convocatoria para a avaliación do complemento de recoñecemento ao labor docente correspondente **á convocatoria de 2020**, cuxos **efectos económicos son desde o 1 de xaneiro do 2020**.

En canto aos atrasos a normativa tributaria (artigo 14. Imputación temporal da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas), é a seguinte:

Os ingresos por traballo persoal (complementos autonómicos) deben imputarse no período en que fosen esixibles, con independencia do momento en que se realice a súa cobranza. Seguindo co exemplo anterior, hai que imputalos ao exercicio económico 2020, así o fixa a convocatoria, con independencia, no mellor dos casos, de que se aproben por ese Consello Social no exercicio 2021 e poidanse aboar no devandito ano. De aprobarse no exercicio 2022, os atrasos sería do ano 2020 e 2021. De acordo ao artigo 14.2 da Lei de IRPF, que transcribo a continuación, cando, por circunstancia xustificadas non imputables ao contribuínte (neste caso é a propia convocatoria do ano 2021 a que establece o seu abono con efectos retroactivos ao 2020), os rendementos derivados do traballo (complementos autonómicos) percíbense en períodos impositivos distintos a aqueles en que foron esixibles (no exemplo son esixibles



no 2020), imputaranse a estes practicándose, no seu caso, autoliquidación complementaria, sen sanción nin intereses de demora nin recarga algunha.

"Artigo 14. Imputación temporal.

1. Regra xeral. Os ingresos e gastos que determinan a renda para incluír na base do imposto imputaranse ao período impositivo que corresponda, de acordo cos seguintes criterios: a) Os rendementos do traballo e do capital imputaranse ao período impositivo en que sexan esixibles polo seu perceptor. ...

2. Regras especiais.

...

b) Cando por circunstancias xustificadas non imputables ao contribuínte, os rendementos derivados do traballo percíbense en períodos impositivos distintos a aqueles en que foron esixibles, imputaranse a estes, practicándose, no seu caso, autoliquidación complementaria, sen sanción nin intereses de demora nin recarga algún... A autoliquidación presentarase no prazo que media entre a data en que se perciban e o final do inmediato seguinte prazo de declaracións polo imposto. ... "

Como non podemos contravir o establecido nas disposicións legais vixentes, a problemática dos atrasos relativa aos complementos autonómicos na Universidade de Vigo ,e na do resto do sistema Universitario galego, seguirá existindo en tanto as convocatorias dos devanditos complementos fixen efectos retroactivos no abono das devanditas retribucións".

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 29 de xuño de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias